Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

MEMORIA

SOBRE OS ASPECTOS SOCIAIS, XURÍDICOS, ECONÓMICOS, TÉCNICOS E FINANCEIROS RESPECTO DA XESTIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

I. INTRODUCIÓN.

1. A creación do consorcio: institucionalización dun compromiso de cooperación entre a Comunidade autónoma de Galicia e a Deputación da Coruña.
2. A forma de xestión do servizo no período 2000-2019: fitos significativos e decisión relevantes.
    - Cadro indicativo dos parques existentes: descrición e dotación de medios materiais.
    - Cadro indicativo dos contratos outorgados: formalización e vixencia.
    - Os efectivos persoais: persoal administrativo actual e efectivos nos parques de bombeiros.
    - A resolución do Tribunal Central de recursos contractuais respecto da imposibilidade da xestión indirecta en réxime de concesión administrativa.

II. A COMISIÓN POLÍTICO-TÉCNICA: COMPOSICIÓN, FUNCIONAMENTO E SESIÓNS DE TRABALLO.

1. A creación da comisión ao abeiro do previsto no artigo 97 do TRLRL: composición e funcións.
2. O desenvolvemento das sesións de traballo: notas e acordos adoptados.
    - Sesión constitutiva e de traballo nº 1: solicitude de informe a Xunta consultiva de contratación administrativa de Galicia.
    - Sesión de traballo nº 2: Análise das distintas formas de xestión. Viabilidade legal da xestión con efectivos privatizados. Solicitude de informe xurídico a USC.
    - Sesión a convocar: aprobación de memoria.

III. CONSIDERACIÓNS SOCIOECONÓMICAS: ÁMBITO DO SERVIZO E USUARIOS.

1. Ámbito territorial do servizo e poboación beneficiaria.
2. A prestación do servizo nos derradeiros cinco anos: estatística das actuacións realizadas. Número de usuarios afectados.
3. A cooperación con outros parques de bombeiros: caso Ferrol.

IV. RÉXIME XURÍDICO.

1. A creación do consorcio ao abeiro do LALG.
2. A modificación do réxime xurídico dos consorcios pola Lei 27/2003, de Reforma e sostibilidade da Administración local. O novo réxime xurídico dos consorcios establecido no capítulo VI do Título II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.
3. As formas de xestión do servizo no marco xurídico vixente.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

4. A internalización do servizo: procedemento a seguir e calendarización dos acordos a adoptar.
    - O dereito de subrogación dos traballadores.
    - O procedemento respecto da RPT e a súa cobertura definitiva.
    - A extinción dos contratos.
    - A reversión dos medios materiais

V. ASPECTOS ECONÓMICOS E FINANCEIROS.

1. Os custos actuais do servizo externalizado e o seu financiamento.
2. Os custos da xestión internalizada.
3. Comparativa de custos: partidas positivas e negativas.
4. O financiamento do servizo: transferencias das administracións territoriais participantes e recursos propios.

VI. CONCLUSIÓN

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

I. INTRODUCIÓN.

1 A creación do consorcio: institucionalización dun compromiso de cooperación entre a Comunidade autónoma de Galicia e a Deputación da Coruña.

Mediante o Decreto 258/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban os estatutos do Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do Servicio contra Incendios e Salvamento, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia foron aprobados os Estatutos polos que se se constitúe este Consorcio. Posteriormente, foron obxecto de sendas modificacións parciais a través do Decreto 151/2006, do 31 de agosto (DOG núm. 177 do 13 de setembro de 2006) e o Decreto 62/2009, do 12 de marzo (DOG núm. 60 do 27 de marzo e corrección de erros no DOG núm. 66 do 6 de abril de 2009).

Segundo figura no Artigo 5º dos Estatutos deste Consorcio aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (DOG 154/12.08.02), e modificados polo Decreto 258/2006, do 30 de xullo (DOG 154/13.09.06) e polo Decreto 62/2009, do 12 de marzo (DOG 60/27.03.2009 e con corrección de erros no DOG 66/06.04.2009) constitúe o obxecto do consorcio a prestación, por calquera das modalidades previstas na lexislación aplicable, do servizo contra incendios e salvamento. Sendo que, entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servicios municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, a prevención e extinción de incendios, a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten a persoas, edificacións e instalacións.

O artigo 149 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia no seu apartado segundo dispón que "Os consorcios locais son Entidades Locais dotadas de personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos, que virán definidos nos seus respectivos estatutos".

O Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña nos seus Estatutos indica (art.7º) que o consorcio ten carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, e capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios. Aos efectos da citada integración o art.1º dos Estatutos establecen que o Consorcio queda integrado pola Deputación Provincial da Coruña e a Xunta de Galicia.

Non obstante, o Consorcio "considerase unha unidade institucional pública dependente da Deputación Provincial, e clasificase dentro do sector Administracións Públicas", en palabras da IGAE. Figura no Inventario de Corporacións Locais na Deputación Provincial de A Coruña a data de xaneiro de 2014. Neste recollese dentro do sector Administracións Públicas ao Consorcio, establecendo que a administración de dependencia é a Deputación Provincial de A Coruña.

O Consorcio está suxeito ao réxime de orzamentación, contabilidade e control da Administración pública á que está adscrito, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. En todo caso, a Deputación Provincial levará a cabo unha auditoría das contas anuais que será responsabilidade do órgano de control desa Administración. O Orzamento do Consorcio forma parte dos orzamentos e inclúese na conta xeral da Administración pública de adscrición, como Anexo.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

O Consorcio está integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de A Coruña, que financian a partes iguales (50% cada unha) os seus gastos de funcionamento e de equipamento, xunto con outros ingresos que proveñen fundamentalmente de taxas pola prestación do servizo, tal como se desenvolve no apartado seguinte. Asemade o seu Pleno está integrado por membros de ámbalas dúas entidades de xeito paritario.

2 A forma de xestión do servizo no período 2000-2019: fitos significativos e decisión relevantes.

2.1 Cadro indicativo dos parques existentes: descrición e dotación de medios materiais.

O Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña está integrado por 9 SPEIs (Carballo, Arteixo, Boiro, Arzúa, Ordes, Betanzos, As Pontes, Cee e Santa Comba) e unha subsede en Ribeira:

SPEIS	UBICACIÓN
SPEIS 01	Rúa do Bronce, Parcela G-2 Pgno. Ind. de Bértoa 15105 Carballo
SPEIS 02	Avda. da Ponte Pla, 24 Pgno. Ind. de Sabón 15140 Arteixo
SPEIS 03	Polígono Industrial de Espiñeira, s/n 15931-Boiro
SPEIS 04	Polígono de Xarás, nº 61 15960 Ribeira
SPEIS 05	Parque Empresarial de Órdenes, Parcela 48 15680 Ordes
SPEIS 06	Rúa Prolongación Ramón Franco Santa María 15810 Arzúa
SPEIS 07	Polígono Piadela Sur, s/n 15319 Betanzos
SPEIS 08	Polígono industrial dos Airios, Parcela 76-77 15320 As Pontes
SPEIS 09	Lg Bermún s/n A Pereiriña 15270 Cee
SPEIS 10	Rúa Gandeiros s/n 15840 Santa Comba

Os bens afectos ao servizo, están constituídos tanto por bens inmobles (os edificios dos parques), como mobles (equipamento e dotación en xeral dos parques, así como os vehículos especiais contra incendios e salvamento), podéndose acudir aos cadros – resumo seguintes:

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

A) <u>INMOBLES (EDIFICIOS PARQUES CUSTO INICIAL NA POSTA A DISPOSICIÓN DOS CONCESIONARIOS)</u>:

PARQUE COMARCAL	CUSTO TOTAL DO INMOBLE	FINANCIAMENTO		
		60 %		40 %
		DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA		XUNTA DE GALICIA
Carballo	473.174,85	283.904,91		189.269,94
Arteixo	552.513,69	331.508,21		221.005,48
Boiro	489.013,27	293.407,96		195.605,31
Ribeira	465.859,48	279.515,69		186.343,79
Arzúa	533.206,67	319.924,00		213.282,67
Ordes	437.140,77	262.284,46		174.856,31
Betanzos	579.444,33	347.666,60		231.777,73
As Pontes	405.277,40	243.166,44		162.110,96
Cee	590.315,65	62,59 %		37,41 %
		D. PROV. A CORUÑA	CONSORCIO F.P.	XUNTA DE GALICIA
		23,91%	38,68%	
		141.121,15	228.348,05	220.846,45
Santa Comba	559.000,00 (1) 106.807,16	60 %	100%	40 %
		CONSORCIO F.P.	CONSORCIO F.P.	XUNTA DE GALICIA
		335.400,00	106.807,16	223.600,00

(1) Modificado nº 01 das obras polo importe indicado, aprobado e executado en 2008.

		REPARTO FINAL DO FINANCIAMENTO		
TOTAIS DOS PARQUES COMARCAIS	**5.191.753,27**	**D. P. A CORUÑA**	**CONSORCIO F.P.**	**XUNTA DE GALICIA**
		2.502.499,42	**670.555,21**	**2.018.698,64**
		49,21 %	**11,09 %**	**39,70 %**

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

B) VEHÍCULOS (INICIAL E NOVAS ADQUISICIÓNS, vid. Apartado "D)"):

	TIPO DE VEHÍCULO, CUSTO UNITARIO e DATA DE MATRICULACIÓN **(2)**						CUSTOS TOTAIS E FINANCIAMENTO			
PARQUE COMARCAL	ALTURA	NODRIZA	BUL **(1)**	PICK - UP	FSV	TODOTERREO	TOTAL POR PARQUE	CONSORCIO	D.P. A CORUÑA	XUNTA GALICIA
Carballo	**420.000,00**	**160.000,00**	**203.923,40**	**60.090,00**	**186.193,59**	**38.720,00**	1.068.926,99	224.913,59	587.977,40	256.036,00
	21.05.2004	11.05.2004	06.02.2003	28.01.2004	21.01.2013	23.01.2013				
Arteixo	**475.583,18**	**160.000,00**	**203.923,40**	**60.090,00**	**186.193,59**	**38.720,00**	1.124.510,17	700.496,77	335.977,40	88.036,00
	08.04.2010	11.05.2004	06.02.2003	28.01.2004	21.01.2013	23.01.2013				
Boiro		**160.000,00**	**203.923,40**	**60.090,00**	**186.193,59**	**38.720,00**	648.926,99	224.913,59	335.977,40	88.036,00
		12.12.2003	06.02.2003	28.01.2004	21.01.2013	23.01.2013				
Ribeira	**420.000,00**	**166.900,00**	**203.923,40**	**60.090,00**			850.913,40	0,00	592.117,40	258.796,00
	11.05.2004	12.12.2003	06.02.2003	28.01.2004						
Arzúa		**166.900,00**	**203.923,40**	**60.090,00**			430.913,40	0,00	340.117,40	90.796,00
		12.12.2003	06.02.2003	28.01.2004						
Ordes	**443.700,00**	**160.000,00**	**203.923,40**	**60.090,00**			867.713,40	443.700,00	335.977,40	88.036,00
	12.05.2008	12.12.2003	06.02.2003	28.01.2004						
Betanzos	**479.500,00**	**178.000,00**	**183.850,00**		**222.157,21**	**38.720,00**	1.102.227,21	260.877,21	504.810,00	336.540,00
	31.01.2005	16.02.2005	07.04.2005		21.01.2013	23.01.2013				
As Pontes	**524.170,00**	**197.444,00**	**183.900,00**				905.514,00	0,00	543.308,40	362.205,60
	20.07.2006	17.12.2005	24.05.2005							
Cee	**529.470,00**	**197.400,00**	**164.950,00**				891.820,00	0,00	535.092,00	356.728,00
	10.10.2006	14.05.2006	18.05.2006							
S. Comba	**512.000,00**	**201.250,00**	**168.200,00**				881.450,00	528.870,00	0,00	352.580,00
	12.07.2007	04.07.2007	14.02.2007							
								REPARTO FINAL DO FINANCIAMENTO		
TOTAIS DOS PARQUES	3.804.423,18	1.747.894,00	1.924.440,40	360.540,00	780.737,98	154.880,00	**8.772.915,56**	**CONSORCIO**	**D.P. A CORUÑA**	**XUNTA GALICIA**
								2.383.771,16	**4.111.354,80**	**2.277.789,60**
								27,18 %	**46,86 %**	**25,96 %**

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

(1) Os SEIS vehículos "BUL" (autobomba urbana lixeira, primeira saída) con prezo unitario de 203.923,40€, non foron adquiridos polo Consorcio, senón pola Deputación Provincial da Coruña con anterioridade a constitución deste Consorcio.
(2) Están incluídas a totalidade das adquisicións ata 31.12.2013, e tal e como se asignaron no seu momento.

C) EQUIPAMENTO E MOBILIARIO (INICIAL):

PARQUE COMARCAL	CUSTO EQUIPAMENTO E MOBILIARIO	FINANCIAMENTO	
		DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA (60%)	XUNTA DE GALICIA (40%)
Carballo	190.833,36	114.500,02	76.333,34
Arteixo	190.833,36	114.500,02	76.333,34
Boiro	190.833,36	114.500,02	76.333,34
Ribeira	168.016,00	100.809,60	67.206,40
Arzúa	191.754,00	115.052,40	76.701,60
Ordes	190.833,36	114.500,02	76.333,34
Betanzos	192.224,00	115.334,40	76.889,60
As Pontes	235.519,00	141.311,40	94.207,60
Cee	209.500,00	125.700,00	83.800,00
Santa Comba	209.924,00	CONSORCIO F.P. (60%) 125.954,40	83.969,60

		REPARTO FINAL DO FINANCIAMENTO		
TOTAIS DOS PARQUES COMARCAIS EQUIPAMENTO	**1.970.270,44**	**CONSORCIO F.P.**	**D. P. A CORUÑA**	**XUNTA DE GALICIA**
		125.954,40	**1.056.207,88**	**788.108,16**
		6,39 %	**53,61 %**	**40 %**

TOTAIS (A+B+C):

		REPARTO FINAL DO FINANCIAMENTO					
		CONSORCIO (F.P.)		DEPUTACIÓN PROV. DA CORUÑA		XUNTA DE GALICIA	
EDIFICIOS	**5.191.753,27**	**11,09 %**	**670.555,21**	**49,21 %**	**2.502.499,42**	**39,70 %**	**2.018.698,64**
VEHÍCULOS	**8.772.915,56**	**27,18 %**	**2.383.771,16**	**46,86 %**	**4.111.354,80**	**25,96 %**	**2.277.789,60**
EQUIPAMENTO	**1.970.270,44**	**6,39 %**	**125.954,40**	**53,61 %**	**1.056.207,88**	**40 %**	**788.108,16**

A partir desta dotación inicial, ao longo dos exercicios económicos posteriores ata a actualidade fóronse realizando novos investimentos dende o Consorcio que se reflicten de xeito global no seguinte cadro:

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

ELEMENTO	IMPORTE TOTAL	REPARTO DO 100% DO FINANCIAMENTO		
		D.P. DA CORUÑA	CONSORCIO	XUNTA DE GALICIA
EDIFICIOS	5.191.753,27	48,20%	12,92%	38,88%
		2.502.499,42	670.555,21	2.018.698,64
VEHÍCULOS	8.772.915,56	46,86%	27,18%	25,96%
		4.111.354,80	2.383.771,16	2.277.789,60
EQUIPAMENTO E MOBILIARIO	1.970.270,44	53,61%	6,39%	40,00%
		1.056.207,88	125.954,40	788.108,16
INVESTIMENTOS 2006	215.990,88	-	100%	-
		0,00	215.990,88	0,00
INVESTIMENTOS 2007	128.124,85		100%	-
		0,00	128.124,85	0,00
INVESTIMENTOS 2008	1.047.563,01	-	100%	-
		0,00	1.047.563,01	0,00
INVESTIMENTOS 2009	847.681,83	-	100%	-
		0,00	847.681,83	0,00
INVESTIMENTOS 2010	1.207.665,73	-	100%	-
		0,00	1.207.665,73	0,00
INVESTIMENTOS 2011	138.617,87	0,00	100%	0,00
			138.617,87	
INVESTIMENTOS 2012	722.115,41	-	100%	-
		0,00	722.115,41	0,00
INVESTIMENTOS 2013	0,00	0,00	0,00	0,00
INVESTIMENTOS 2014	0,00	0,00	0,00	0,00
INVESTIMENTOS 2015	0,00	0,00	0,00	0,00
INVESTIMENTOS 2016	102.873,25	0,00	102.873,25	0,00
INVESTIMENTOS 2017	251.770,65	0,00	251.770,65	0,00
INVESTIMENTOS 2018	6.351,08	0,00	6.351,08	0,00
TOTAL FINAL	**20.603.693,83**	**37,23 %**	**38,09 %**	**24,68 %**
		7.670.062,10	**7.849.035,33**	**5.084.596,40**

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

2.2 Cadro indicativo dos contratos outorgados: formalización e vixencia.

Actualmente o servizo prestase a través de dúas empresas concesionarias mediante contrato de xestión de servizo (xestión indirecta mediante concesión administrativa). Os devanditos contratos de xestión de servizos derivan de procedementos tramitados en varias fases temporais.

Así, nunha primeira fase, o 31 de marzo de 2004 adxudicáronse os parques de Carballo, Arteixo, Boiro, Ribeira, Arzúa e Ordes. A vixencia inicial prevista para o mesmo era de cinco anos, prorrogable por períodos máximos de tres anos ata un límite máximo de 15 anos, incluído o prazo de vixencia inicial.

O SPEI de Betanzos adxudicouse o 10 de novembro de 2004 e o de As Pontes o 6 de xuño de 2005, establecéndose nos pregos cláusulas idénticas en canto a súa duración e prórrogas.

Finalmente, adxudicáronse o SPEI de Cee (11 de maio de 2006) e o de Santa Comba (18 de xuño de 2007), recolléndose nos pregos nos mesmos termos que nos casos anteriores agás que o prazo inicial sería de tres e dous anos respectivamente.

Mediante acordos plenarios de 1 de outubro e 24 de novembro de 2009 acordáronse as prórrogas dos contratos de xestión de servizos dos parques de Bombeiros de Santa Comba e Betanzos, fixándose as mesmas ata o día 31 de decembro de 2010. De igual xeito, en sesión extraordinaria de 8 de xullo de 2010, adoptouse o acordo de prorrogar o contrato dos parques de Carballo, Arteixo, Boiro, Ribeira, Arzúa e Ordes, así como o do parque de Cee e As Pontes; establecéndose a súa finalización o 31 de decembro de 2010.

Asemade, no acordo de 8 de xullo de 2010, recollese a previsión expresa, respecto de todos os contratos, de que os concesionarios deberán seguir a prestar o servizo ata que se dea comezo de xeito efectivo a/s nova/s prestación/s, aínda que constara xa desta forma na totalidade dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen os contratos.

No mesmo acordo disponse o inicio dos trámites no novo expediente para a nova concesión do servizo, propoñendo a elaboración dos correspondentes pregos de demais documentación necesaria.

DATA DO CONTRATO	PRAZO INICIAL	COMARCAS DA XESTIÓN	DATA DE INICIO	PREVISIÓN DE PRÓRROGA NO CONTRATO PRAZO (SINALADO DE PRÓRROGA)
31 de marzo de 2004	CINCO anos	**Carballo**	01 xullo 2004	Si. Máximo de 15 anos co prazo inicial incluído (prorrogado ata nova licitación)
		Arteixo	01 xullo 2004	
		Boiro	01 agosto 2004	
		Ribeira	01 agosto 2004	
		Arzúa	01 setembro 2004	
		Ordes	01 setembro 2004	

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

10 de novembro de 2004	CINCO anos	**Betanzos**	21 febreiro 2005	Si. Máximo de 15 anos co prazo inicial incluído (prorrogado ata nova licitación)
06 de xuño de 2005	CINCO anos	**As Pontes**	15 outubro 2005	Si. Máximo de 15 anos co prazo inicial incluído (prorrogado ata nova licitación)
11 de maio de 2006	TRES anos	**Cee**	16 xullo 2006	Si. Máximo de 15 anos co prazo inicial incluído (prorrogado ata nova licitación)
18 de xuño de 2007	DOUS anos	**Santa Comba**	19 de decembro 2007	Si. Máximo de 10 anos co prazo inicial incluído (prorrogado ata nova licitación)

2.3 Os efectivos persoais: persoal administrativo actual e efectivos nos SPEIS.

2.3.1 Persoal administrativo

O persoal de administración actual, de acordo coa RPT e o cadro de persoal aprobado co orzamento xeral do Consorcio para o exercicio 2019 e que se reflicte no seguinte cadro:

PERSOAL FUNCIONARIO DENOMINACIÓN:	PRAZAS	GR.	NIVEL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO		PAGA EXTRA
				Mensual	Anual	Anual
Secretaría - Intervención	1	A1	26	1.630,65	22.829,10	6.630,82
PERSOAL LABORAL FIXO DENOMINACIÓN:	**PRAZAS**	**CAT**	**C.P.**	**COMPLEMENTO ACTIVIDADE**		**PAGA EXTRA**
				Mensual	Anual	Anual
Xerencia	1	III-1	28	2.718,07	32.616,84	8.690,26
Suboficial Coordinador Servizo	1	III-2	22	962,57	11.550,84	4.258,00
Administrativo - Contable	1	III-4	18	618,07	7.416,84	3.474,36
Auxiliar Administrativo	1	IV-4	14	359,25	4.311,00	2.641,56

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

2.3.2 Efectivos nos SPEIS

Os efectivos que actualmente prestan o servizo nos SPEIS pertencentes a este Consorcio son os que a continuación se indican:

SPEIS	SARXENTO-XEFE DE PARQUE	CABO-XEFE DE QUENDA	BOMBEIRO	TOTAL EFECTIVOS/SPEIS
01-CARBALLO	1	5	12	18
02-ARTEIXO	1	5	12	18
03-BOIRO	1	5	12	18
04-RIVEIRA	1	5	6	12
05-ORDES	1	5	12	18
06-ARZÚA	1	5	12	18
07-BETANZOS	1	5	12	18
08-AS PONTES	1	6	11	18
09-CEE	1	6	11	18
10-SANTA COMBA	1	6	11	18
			TOTAL EFECTIVOS	**174**

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

2.4 A resolución do Tribunal Central de recursos contractuais respecto da imposibilidade da xestión indirecta en réxime de concesión administrativa.

En acordo adoitado en sesión plenario de 8 de xullo de 2010 disponse o inicio dos trámites dun expediente para a nova concesión do servizo, propoñendo a elaboración dos correspondentes pregos de demais documentación necesaria.

Elaborados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e debidamente aprobados, publicáronse no DOG e no BOP os anuncios de licitación do contrato administrativo de xestión de servizo público para a "Xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo de prevención e intervención en emerxencias que corresponde ao Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña (5 e 11 de decembro, respectivamente).

Contra os pregos, presentouse recurso especial en materia de contratación. No mesmo incidíase, entre outros aspectos, en que, aínda que nos mesmos se indica que o contrato non é susceptible de recurso especial, resulta que si sería procedente dado que o contrato non é en realidade un contrato de xestión de servizo público, senón un contrato administrativo de servizos.

Tralas oportunas alegacións por parte do Consorcio respecto do recurso presentado, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ditou a Resolución nº 20572015 o 27 de febreiro de 2015. En canto a natureza do contrato, esta conclúe que se trata de un contrato de servizos, e non de un contrato de xestión de servizos, e fundamenta a súa decisión en que a teor dos pregos o futuro contratista non adquire o risco empresarial de explotación do servizo ao recibir unha retribución a tanto alzado que é independente da maior ou menor actividade real que asuma.

Como consecuencia do anterior, declarase a nulidade do anuncio e dos pregos do devandito contrato.

II. A COMISIÓN POLÍTICO-TÉCNICA: COMPOSICIÓN, FUNCIONAMENTO E FUNCIÓN DE TRABALLO

1 A creación da Comisión ao abeiro do previsto no artigo 97 do TRLRL: composición e funcións.

No artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece que os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse da forma máis sostible e eficiente de entre as enumeradas no mesmo.

Así pois, co fin de acreditar a forma máis sostible e eficiente de xestionar o servizo de prevención e extinción de incendios, procede a creación dunha Comisión para a realización da memoria xustificativa segundo a regulación prevista nos artigos 97 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, para o exercicio de actividades económicas polas Entidades Locais.

En sesión extraordinaria do Pleno do Consorcio de 02.10.2017 adoptouse, entre outros, o acordo de iniciar os trámites para a creación da Comisión encargada de elaborar a memoria xustificativa da forma máis sostible e eficiente de xestión do servizo de prevención e extinción de incendios, e salvamento polo Consorcio

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

Provincial; para o que se debía solicitar a ámbalas dúas entidades propietarias, é dicir, á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial da Coruña, para que, propuxesen a persoal da súa entidade para formar parte da mencionada Comisión.

Unha vez recibida a información solicitada, determinouse a composición e creación desta comisión de estudo, polo Pleno do Consorcio en sesión do 09.04.2018, de acordo co previsto no artigo 97 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, en relación co artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

De tal xeito constitúese a Comisión de Estudo, composta por membros corporativos e persoal técnico. A composición da Comisión será a seguinte:

Será presidida polo presidente do Consorcio ou persoa en quen delegue, e formarán parte da mesma como membros corporativos Don Ovidio Rodeiro Tato (Delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña), Don Luis Menor Pérez (director xeral de emerxencias e Interior, ou persoa en quen delegue), Dona Ánxela Franco Pouso (deputada provincial); e como membros técnicos, Dona Patricia Rodríguez Franco (Secretaria Territorial da Delegación da Xunta de Galicia na Coruña), Don Marcos Araújo Pereira (xerente da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) ou persoa en quen delegue, Don Manuel Martínez Varela (xefe do Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional), Don José Manuel Pardellas Rivera (interventor xeral da Deputación Provincial da Coruña) e como suplente Don Juan Bautista Suárez (interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña), Dona Ana Marcos García (xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña), Don Carlos García Touriñán (Director da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello da Coruña), Don Rafael Díaz-Aguado Jalón (xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña), Don José Luis Barca Añon (xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña) e Dona María Graciela Riveiro Moreira (secretaria interventora do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña).

Posteriormente en sesión de 20.08.2018 modifícase parcialmente a composición da mesma sendo designado, como membro corporativo, Don José Luis García García, deputado provincial e membro do Pleno deste Consorcio.

Asemade desígnase como membro técnico a Dona Ascensión Labella Lozano, subdirectora xeral de Réxime Xurídico Local, no lugar de Don Manuel Martínez Varela; e do mesmo xeito, a Dona Mª José López Pérez, xefa de sección do Servizo de Recursos Humanos, no lugar de Dona Ana Mª Marcos García, xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación.
Por outra banda, sinalar que tralo cese de Don Luis Menor Pérez como Director xeral de emerxencias e interior da Xunta de Galicia, substitúeo no devandito cargo Don Santiago Villanueva Álvarez.

De acordo co previsto no artigo 97.1.b) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local a Comisión de estudo deberá elaborar unha memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica de que se trate, na que deberá determinarse a forma de xestión, entre as previstas pola lei, e os casos en que debe cesar a prestación da actividade.

Unha vez elaborada a memoria, esta deberá ser obxecto de exposición pública despois de ser tomada en consideración pola Corporación, e por prazo no inferior a 30 días naturais, durante os que poderán formularse observacións polos particulares e entidades.

Finalmente, procederá a aprobación do proxecto polo Pleno da Entidade local.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

2 O desenvolvemento das sesións de traballo: notas e acordos adoitados.

2.1 Sesión constitutiva e de traballo nº 1: solicitude de informe á Xunta consultiva de contratación administrativa de Galicia

As notas da sesión constitutiva e de traballo nº 1 son as que se reflicten a continuación:

<<Asunto: CONSTITUCIÓN E PRIMEIRA SESIÓN DE TRABALLO
Refª.: Comisión estudo modelo de xestión do servizo de emerxencias do Consorcio

O día 30.05.2018 reuníronse, ás 10:00 horas, na Sala 1 da Planta 3ª na sede da Deputación Provincial da Coruña as seguintes persoas ao obxecto de constituír á Comisión de Estudo, que foi creada mediante acordo de Pleno de 09.04.2018, para a elaboración dunha memoria que analice os aspectos social, xurídico, técnico e financeiro do servizo que presta o Consorcio, na que deberá determinarse a forma de xestión, entre as previstas pola Lei:

Presidente: José Luis García García, por delegación do presidente, Don Valentín González Formoso.

Resto de membros da comisión:

- *Don Luis Menor Pérez (director xeral de emerxencias e Interior, ou persoa en quen delegue)*
- *Dona Ánxela Franco Pouso (deputada provincial)*
- *Dona Patricia Rodríguez Franco (secretaria territorial da Delegación da Xunta de Galicia na Coruña)*
- *Don Marcos Araújo Pereira (xerente da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA)*
- *Dona Ascensión Labella Lozano como suplente de Don Manuel Martínez Varela (xefe do Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional),*
- *Don Juan Bautista Suárez Ramos (interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Dona María José López como suplente de Dona Ana Marcos García (xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Don Rafael Díaz-Aguado Jalón (xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Don José Luis Barca Añón (xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña)*
- *Dona María Graciela Riveiro Moreira (secretaria interventora do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña).*

Non asistiron a esta sesión:

- *Don Ovidio Rodeiro Tato (Delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña),*
- *Don Carlos García Touriñán (Director da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello da Coruña)*

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

A continuación recóllense as principais notas e conclusións desta sesión de traballo:

Tras unha breve introdución por parte da secretaria interventora do Consorcio, toma a palabra o interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña, Don Juan Bautista, que propón o inicio do estudo de esta Comisión polo aspecto xurídico, en especial no relativo ao tema da posible aplicación do artigo 130 LCSP.

En principio, expón a posibilidade de formular consulta aos servizo de asesoría xurídica da Xunta de Galicia, dado que se trata de unha cuestión que afecta ou afectará a todos os Consorcios da Comunidade Autónoma e parece que sería unha fórmula integradora de todos eles.

Non obstante o director xeral de emerxencias e interior, Don Luis Menor Pérez, quere deixar claro que a iniciativa dun cambio de modelo de xestión procede da Deputación Provincial, e que a pesar de que existe a vontade de colaboración e de non por trabas á mesma, tamén é certo que, como xa se puxera de manifesto existen uns condicionantes tales como que se se derivase un incremento do custe do servizo polo cambio de modelo de xestión, este non será sumido pola Xunta de Galicia, entre outros, tamén relacionados co persoal. Por todo elo, considera que non debe de ser a Xunta a que se pronuncie en primeira instancia sobre este aspecto, sen prexuízo de que unha vez analizada se lle dea traslado.

Así pois, proponse una alternativa que sería a de formular consulta sobre á aplicación do artigo 130 da LCSP á Xunta Consultiva de Contratación, en concreto, se sería de aplicación a situacións preexistentes ou ben só se aplicaría á contratos que foran adxudicados ao amparo desta nova Lei.

Existe unanimidade entre os asistente en canto a esta proposta, que se formulará desde a secretaría intervención do Consorcio co apoio da Intervención da Deputación Provincial.

Por outra banda, en canto á análise do aspecto económico, aínda que existía un pequeno borrador, este non profunda en determinados aspectos, ademais de que outros non se atopan actualizados. Asemade, tómase en consideración que determinados postos teñan que ser desempeñados por persoal funcionario.

Por este motivo, é de común acordo que pola Xerencia do Consorcio de actualice este estudo económico, que contará coa colaboración da representante do servizo de recursos humanos, dona María José López.

Finalmente, en canto ao calendario de traballo, fíxase como data orientativa a primeira semana de xullo.

Sendo as 12:00 horas dáse por finalizada esta sesión de traballo, e asinase a presente polos asistentes.>>

2.2 Sesión de traballo nº 2: Análise das distintas formas de xestión. Viabilidade legal da xestión con efectivos privatizados. Solicitude de informe xurídico á USC.

As notas da sesión de traballo nº 2 son as que se reflicten a continuación:

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

<<Asunto: SEGUNDA SESIÓN DE TRABALLO
Refª.: Comisión estudo modelo de xestión do servizo de emerxencias do Consorcio

O día 20.12.2018 reuníronse, ás 09:30 horas, na Sala 2 da Planta 2ª na sede da Deputación Provincial da Coruña as seguintes persoas ao obxecto da reunión de traballo da Comisión de Estudo, que foi creada mediante acordo de Pleno de 09.04.2018, para a elaboración dunha memoria que analice os aspectos social, xurídico, técnico e financeiro do servizo que presta o Consorcio, na que deberá determinarse a forma de xestión, entre as previstas pola Lei:

Presidente: José Luis García García, por delegación do presidente, Don Valentín González Formoso.

Resto de membros da comisión:

- *Dona Ánxela Franco Pouso (deputada provincial)*
- *Dona Patricia Rodríguez Franco (secretaria territorial da Delegación da Xunta de Galicia na Coruña)*
- *Don Marcos Araújo Pereira (xerente da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA)*
- *Dona Ascensión Labella Lozano (subdirectora do Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional),*
- *Don José González Cores, xefe do servizo de Relacións Laborais, por delegación do Director Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.*
- *Don Juan Bautista Suárez Ramos (interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Dona María José López (xefa de sección no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Don Rafael Díaz-Aguado Jalón (xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Don Carlos García Touriñán (Director da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello da Coruña)*
- *Don José Luis Barca Añón (xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña)*
- *Dona María Graciela Riveiro Moreira (secretaria interventora do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña).*

Non asistiron a esta sesión:

- *Don Ovidio Rodeiro Tato (Delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña),*

A continuación recóllense as principais notas e conclusións desta sesión de traballo:

1.- Reconsideración da consulta formulada á Xunta Consultiva de Contratación da Xunta.

Nun primeiro momento, toma a palabra o interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña, Don Juan Bautista, que explica aos membros da comisión o acontecido na reunión da Xunta Consultiva de Contratación de Galicia á que tal como se acordara, na última reunión desta comisión, se lle formulou unha consulta sobre da posible aplicación do artigo 130 LCSP aos contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, e á que asistiu como membro da mesma.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

En conclusión, logo da reunión da Xunta Consultiva o asunto sobre o informe solicitado quedou sobre a mesa, á espera de que se reformulase a cuestión formulada e se remítese ao Pleno da Xunta Consultiva para a súa análise.

Logo de esta exposición, e trala análise pola Intervención Provincial, considerase a posibilidade de encomendar aos profesores, da USC, de recoñecido prestixio nas materias de dereito administrativo e do traballo, respectivamente, Don Luis Miguez Macho e Dona Lourdes Mella Méndez; a elaboración dun informe sobre se os traballadores das empresas concesionarias, que actualmente prestan o servizo de prevención e extinción de incendios, teñen dereito a ser subrogados, e de ser así, en qué condicións. Asemade, no seu caso, deberían sinalar cal sería o procedemento a seguir respecto do persoal subrogado respecto da súa incorporación, respectando os principios de igualdade mérito e capacidade, e facendo unha especial mención respecto das condicións laborais que na actualidade teñen, como por exemplo en canto a horas e quendas que realizan.

Tralo debate correspondente, os membros presentes da comisión, de xeito unánime, e a expensas da aprobación por parte do presidente do Consorcio do gasto derivado desta actuación, están de acordo na solicitude do informe correspondente aos profesores mencionados, a través da USC.

2.- Consideracións sobre o estudo económico-financeiro e orzamentario.
A Xerencia presenta un estudo económico e queda pendente de revisar algúns aspecto e de completar con outras comparativas.

3.- Posibles consultas sobre cuestións xurídicas relevantes:
-Particularidades da normativa de emerxencias e do réxime xurídico do persoal adscrito.
Novamente, intervén Don Juan Bautista Suárez Ramos que expón a dúbida sobre se naqueles casos en que un bombeiro pode ter que tomar decisións que poidan afectar a un domicilio, por exemplo, se daría un suposto de exercicio de autoridade. E se, por tanto, de acordo coa normativa actualmente vixente, é posible que este servizo se preste mediante un sistema de xestión indirecta ou a través de empresas privadas.

De xeito unánime, por parte do xerente da AXEGA, Don Marcos Araújo e Don José González Cores, afírmase que os bombeiros non teñen o carácter de axentes da autorizade e cuxas funcións poden ser desempeñadas legalmente por persoal de empresas privadas. Engadindo, que poderían violentar un domicilio, aínda non sendo funcionarios, sempre que se tratase de unha emerxencia.

A conclusión que se extrae destas afirmacións é que o modelo de xestión indirecta ou mediante empresas privadas acomodase a normativa sectorial vixente, en especial á lei de emerxencias.

4.- Repercusións orzamentarias e de financiación dos gastos que leva consigo a xestión compartida.
Por parte de Don Juan Bautista exponse que o Consorcio Provincial actualmente se atopa regulado pola Lei 40/2015, e foi creado ao abeiro da Lei 5/1987 (LALGA). Actualmente, segundo a IGAE, ten a consideración de ente institucional adscrito á Deputación Provincial da Coruña, aínda que o financiamento de acordo cos seus Estatutos reguladores, correspóndenlle nun 50% a cada unha das entidades propietarias, é dicir, á Xunta de Galicia e a propia Deputación da Coruña. Así pois, engade, que o financiamento dun posible incremento de costes derivado da elección do sistema de xestión deste servizo debería de ser financiado en idéntica porcentaxe polas mencionadas entidades propietarias, sempre que se trate do modelo de xestión mais eficiente.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por parte de José González Cores indícase que a competencia directa deste servizo correspóndelle á Deputación Provincial e non á Xunta de Galicia, quen ten atribuída a coordinación en materia de emerxencias. Así pois, os costes que fosen mais aló dos derivados da xestión indirecta deberíaos de asumir a Deputación. Non obstante, tamén considera que esta é unha cuestión que está fora do alcance deste comisión.

Don Juan Bautista mostrase de acordo con esta última afirmación, respecto de que non debe ser obxecto de análise nesta comisión.

Sendo as 12:00 horas dáse por finalizada esta sesión de traballo.>>

2.3 Sesión a convocar: aprobación de memoria.

<<Asunto: TERCEIRA SESIÓN DE TRABALLO
Refª.: Comisión estudo modelo de xestión do servizo de emerxencias do Consorcio

O día 08.04.2019 reuníronse, ás 09:30 horas, na Sala 2 da Planta 2ª na sede da Deputación Provincial da Coruña as seguintes persoas ao obxecto da reunión de traballo da Comisión de Estudo, que foi creada mediante acordo de Pleno de 09.04.2018, para a elaboración dunha memoria que analice os aspectos social, xurídico, técnico e financeiro do servizo que presta o Consorcio, na que deberá determinarse a forma de xestión, entre as previstas pola Lei:

Presidente: José Luis García García, por delegación do presidente, Don Valentín González Formoso.

Resto de membros da comisión:

- *Dona Ánxela Franco Pouso (deputada provincial)*
- *Dona Patricia Rodríguez Franco (secretaria territorial da Delegación da Xunta de Galicia na Coruña)*
- *Don Marcos Araújo Pereira (xerente da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA)*
- *Dona Ascensión Labella Lozano (subdirectora do Servizo de Réxime Xurídico e Xestión de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional),*
- *Don José González Cores, xefe do servizo de Relacións Laborais, por delegación do Director Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.*
- *Don Juan Bautista Suárez Ramos (interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Dona María José López (xefa de sección no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Don Rafael Díaz-Aguado Jalón (xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación Provincial da Coruña)*
- *Don Carlos García Touriñán (Director da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello da Coruña)*
- *Don José Luis Barca Añón (xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña)*
- *Dona María Graciela Riveiro Moreira (secretaria interventora do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña).*

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

Non asistiron a esta sesión:

- *Don Ovidio Rodeiro Tato (Delegado Territorial da Xunta de Galicia na Coruña)*
- *Don Carlos García Touriñán (Director da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello da Coruña)*

A continuación recóllense as principais notas e conclusións desta sesión de traballo:

Presentase aos membros da comisión de estudo o documento de traballo elaborado a partir principalmente, no aspecto xurídico, do ditame emitido a través do encargo realizado aos profesores da USC especializados en dereito do traballo e dereito administrativo, e no ámbito económico, a partir do estudo económico e comparativo realizado principalmente pola Xerencia do Consorcio co asesoramento da Intervención da Deputación Provincial da Coruña e do propio Consorcio, así como do servizo de RRHH da Deputación.

Da análise dos aspectos social, técnico, económico e xurídico, respecto do mantemento dun servizo nos mesmos termos que o que actualmente se presta, resultaría como modelo de xestión mais sostible e eficiente de acordo co establecido no artigo 85.2 LBRL, a xestión directa do servizo mediante a prestación con efectivos propios do Consorcio.

Asemade, e de acordo co planteamento e análise recollida no informe da USC, danse os presupostos da sucesión de empresa conforme ao artigo 44 TRET e por tanto procedería a subrogación do persoal nos termos que alí se reflicten, sen prexuízo de que deban ser obxecto do correspondente proceso de selección posterior conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Don José González Cores, cuestiona se a comisión debería de valorar como se vai prestar o servizo, e se a estimación recollida se refire ao custo real para o 2020. O xerente do Consorcio explica que na futura Oferta de Emprego Público, que no seu caso se debería aprobar, estaría baseada nunha RPT que en principio recollería uns custes salariais similares aos cuantificados no estudo, xa que se cuantificaron os valores actualizados. Engade que, ante a posible necesidade dun maior número de efectivos, prevese unha partida de 369.146,89 euros para persoal.

Por parte de Don Marcos Araújo Pereira, considera que se é mais sostible e eficiente o cambio de modelo de xestión do servizo mostrase conforme co cambio, agradecendo en especial a Xerencia e Secretaria do Consorcio o traballo realizado. Así como recoñece que o cambio de modelo necesita dunha marxe de tempo para a súa xestión.

Don Juan Bautista Suárez Ramos, indica que se tratou de establecer un modelo ordenado respecto do procedemento de cambio, coa incorporación do informe da USC, tendo en conta que se trata dun procedemento sometido a posibles reclamacións débense de ter as maiores garantías.

Por parte do presidente agradecese, a todos os membros da Comisión, o seu traballo e aportacións para a elaboración desta Memoria.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sometido a votación dos representantes políticos, presentes na reunión (Ánxela Franco Pouso, José González Cores e José Luis García García), ditaminase favorablemente a Memoria elaborada coa observación de Don José González Cores de que se ditamina favorable partindo desta valoración, sempre e cando se manteñan as contías que aí se reflicten, considerando, non obstante, que o informe determinante será o que se inclúa na RPT posto que hai cuestións como a posibilidade das quendas de 24 horas que poden determinar cambios.

Ditaminada favorablemente a Memoria, procede a súa elevación ao Pleno para a toma en consideración, e no seu caso, exposición pública e aprobación polo Pleno.

Sendo as 10:30 horas dáse por finalizada esta sesión de traballo.>>

III. CONSIDERACIÓNS SOCIOECONÓMICAS: ÁMBITO DO SERVIZO E USUARIOS

1 Ámbito territorial do servizo e poboación beneficiaria

Segundo figura no Artigo 5º dos Estatutos deste Consorcio aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (DOG 154/12.08.02), e modificados polo Decreto 258/2006, do 30 de xullo (DOG 154/13.09.06) e polo Decreto 62/2009, do 12 de marzo (DOG 60/27.03.2009 e con corrección de erros no DOG 66/06.04.2009) constitúe o obxecto do consorcio a prestación, por calquera das modalidades previstas na lexislación aplicable, do servizo contra incendios e salvamento. Sendo que, entre os fins do consorcio estará a colaboración cos servicios municipais de protección civil dos concellos para o salvamento de persoas e bens, a prevención e extinción de incendios, a prevención e actuación ante calquera tipo de sinistro ou situación de risco e o asesoramento e asistencia, formación e información en materia de seguridade, que afecten a persoas, edificacións e instalacións.

De acordo coa actividade desta entidade o Consorcio presta o seu servizo ás comarcas da provincia de A Coruña segundo a relación que se exporá de seguido, polo que se ten considerado que a poboación daquelas pode ser estimada como "beneficiaria" a inicio, de dito servizo.

En consonancia co anterior, e segundo os datos de poboación por municipios do Instituto Nacional de Estatística con referencia a 01.01.2018 (aprobada polo Real decreto 1458/2018, de 14 de decembro), a poboación á que se presta o servizo ascende a 562.305 persoas (suma das de cada un dos municipios que abranguen as comarcas, segundo se verá de seguido), iniciais "beneficiarios" e, repártese en función de cada un dos Parques Comarcais de acordo coa seguinte distribución:

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024



Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

PARQUE COMARCAL BOMBEIROS DE **CARBALLO** (apertura en xullo de 2004):

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
CABANA DE BERGANTIÑOS	4437	100,09	43,33
CARBALLO	31261	183,83	170,05
CORISTANCO	6177	141,14	43,76
A LARACHA	11302	125,76	89,86
LAXE	3084	36,37	84,79
MALPICA DE BERGANTIÑOS	5447	60,39	90,19
PONTECESO	5565	87,89	63,31
TOTAIS	***67173***	***735,47***	***585,29***

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **ARTEIXO** (apertura en xullo de 2004):

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
ABEGONDO	5454	83,91	64,99
ARTEIXO	31917	93,36	341,87
BERGONDO	6602	32,72	201,77
CAMBRE	24603	40,71	604,34
CARRAL	6294	48,02	131,07
CULLEREDO	30221	62,34	484,77
OLEIROS	35559	43,71	813,52
SADA	15495	27,42	565,09
TOTAIS	***156145***	***432,19***	**3207,42**

PARQUE COMARCAL DE **BOIRO** E SUB- PARQUE DE **RIBEIRA** (apertura en agosto de 2004):

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
BOIRO	18844	86,52	217,79
POBRA DO CARAMIÑAL	9390	32,36	290,17
RIANXO	11104	58,79	188,87
RIBEIRA	27067	66,3	408,25
PORTO DO SON	9243	94,56	97,74
NOIA	14271	37,21	383,52
LOUSAME	3386	93,65	36,15
OUTES	6412	99,73	64,29
DODRO	2791	36,12	77,27
TOTAIS	***102508***	***605,24***	**1764,05**

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **ARZÚA** (apertura en setembro de 2004):

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
ARZÚA	6053	155,43	38,94
BOIMORTO	2022	82,37	24,54
O PINO	4656	131,86	35,31
TOURO	3620	115,34	31,38
MELIDE	7443	101,3	73,47
SANTISO	1610	67,39	23,89
SOBRADO	1799	120,63	14,91
TOQUES	1151	77,92	14,77
TOTAIS	***28354***	***852,24***	**257,21**

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **ORDES** (apertura en setembro de 2004):

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
CERCEDA	5023	110,92	45,28
FRADES	2385	81,74	29,17
MESÍA	2582	105,59	24,45
ORDES	12632	157,31	80,30
OROSO	7452	72,09	103,37
TORDOIA	3361	124,53	26,98
TRAZO	3148	101,42	31,03
TOTAIS	**36583**	**753,6**	**340,58**

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **BETANZOS** (apertura en febreiro de 2005):

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
ARANGA	1894	120,18	*15,75*
BETANZOS	12916	24,25	*532,61*
COIRÓS	1824	33,63	*54,23*
CURTIS	3958	116,6	*33,94*
IRIXOA	1333	68,23	*19,53*
MIÑO	6056	32,52	*186,22*
OZA - CESURAS	5155	151,53	*34,01*
PADERNE	2419	39,93	*60,58*
VILARMAIOR	1231	30,37	*40,53*
VILASANTAR	1225	59,25	*20,67*

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

TOTAIS	***38011***	***676,49***	***998,07***

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **AS PONTES** (apertura en outubro de 2005):

Municipios	***Poboación***	***Superficie***	***Habitantes por km.²***
CABANAS	3318	29,75	**111,52**
A CAPELA	1238	57	**21,71**
MONFERO	1962	172,59	**11,36**
PONTEDEUME	7884	29,42	**267,98**
AS PONTES	10237	250,55	**40,85**
AS SOMOZAS	1103	70,97	**15,54**
SAN SADURNIÑO	2828	99,93	**28,29**
TOTAIS	***28570***	***710,21***	**497,25**

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **CEE** (apertura en xullo de 2006):

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
CEE	7576	57,51	*131,73*
CORCUBIÓN	1578	7,6	*207,63*
DUMBRÍA	3040	124,75	*24,36*
FISTERRA	4701	29,42	*159,78*
MUXÍA	4736	121,3	*39,04*
CAMARIÑAS	5322	51,83	*102,68*
VIMIANZO	7138	187,54	*38,06*
ZAS	4581	133,06	*34,42*
TOTAIS	***38672***	***713,01***	***737,7***

PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE **SANTA COMBA**: (apertura en decembro de 2007):

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
MAZARICOS	3947	187,27	*21,07*
SANTA COMBA	9450	203,67	*46,39*
A BAÑA	3505	98	*35,76*
NEGREIRA	6877	115,11	*59,74*
TOTAIS	***23779***	***604,05***	***162,96***

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

CONVENIO DE COLABORACIÓN CO **CONCELLO DE FERROL**:

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*
ARES	5671	18,31	*309,72*
CEDEIRA	6794	46,23	*143,96*
FENE	13013	26,29	*494,97*
MUGARDOS	5307	12,77	*415,58*
NEDA	5112	23,68	*215,87*
VALDOVIÑO	6613	88,22	*74,96*
TOTAIS	***42510***	***215,5***	***1658,06***

Os anteriores cadros reflicten o ámbito de actuación primario dos SPEIS do Consorcio, non obstante tamén compre sinalar o ámbito de actuación secundario onde se desenvolve a actividade, e que, por tanto, cuxa poboación, que ascende a 109.939, se pode considerar beneficiaria do servizo:

Municipios	*Poboación*	*Superficie*	*Habitantes por km.²*	*SPEIS*
AMES	30.835	80,04	385,24	Santa Comba-Boiro
BOQUEIXÓN	4.242	73,18	57,97	Ordes-Arzúa
BRIÓN	7.699	74,90	102,79	Santa Comba
CARIÑO	4.004	47,10	85,01	As Pontes
CARNOTA	4.060	70,90	57,26	Cee
CERDIDO	1.170	52,72	22,19	As Pontes
MAÑÓN	1.391	82,21	16,92	As Pontes
MOECHE	1.230	48,50	25,36	As Pontes
MUROS	8.792	72,91	120,59	Santa Comba-Cee
ORTIGUEIRA	5.966	209,60	28,46	As Pontes
PADRÓN	8.463	48,37	174,96	Boiro
ROIS	4.627	92,76	49,88	Boiro
TEO	18.478	79,30	233,01	Ordes-Boiro
VAL DO DUBRA	3.931	108,64	36,18	Santa Comba
VEDRA	5.051	52,78	95,70	Arzúa-Ordes

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

2 A prestación do servizo nos derradeiros cinco anos: estatística das actuación realizadas. Número de usuarios afectados.

Intervencións por mes

	2013	2014	2015	2016	2017
Xaneiro	142	155	113	203	194
Febreiro	113	222	122	336	345
Marzo	129	125	133	267	192
Abril	155	110	106	158	234
Maio	148	130	128	197	177
Xuño	160	171	202	174	225
Xullo	184	140	189	255	247
Agosto	167	157	205	268	311
Setembro	171	136	126	187	145
Outubro	112	162	120	191	222
Novembro	120	143	92	211	222
Decembro	205	162	136	211	424
Total	1806	1813	1672	2658	2938

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024



Non se prevén cambios significativos de poboación e de beneficiarios a medio prazo.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

3 A cooperación con outros Parques de Bombeiros: caso Ferrol.

Compre destacar o Convenio de colaboración en materia de intervención en emerxencias entre o Concello de Ferrol e o Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do servizo contra incendios e salvamento. O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre o Concello de Ferrol e o *Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento*, en materia de prevención e extinción de incendios e salvamento, servizo prestado a través do Parque Municipal de Bombeiros de Ferrol, que abarcaría de maneira directa, ademais de Ferrol, aos municipios de Ares, Cedeira, Fene, Mugardos, Neda e Valdoviño.

O Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento comprometese a colaborar no mantemento do servizo municipal de bombeiros de Ferrol mediante unha achega económica de 218.415,64 euros anuais, dende o 01.08.2013 e tras varias prórrogas ata 31.12.2017.

Logo da finalización do anterior convenio de colaboración co Concello de Ferrol en materia de emerxencias o pasado 31 de decembro de 2017, sen que este puidera ser obxecto de prórroga, dado que polo Concello de Ferrol non se chegou a adoptar o acordo correspondente, foi obxecto de negociación un novo convenio de cooperación entre ámbalas dúas entidades para a prestación do servizo de no ámbito territorial dos Concellos de Ares, Cedeira, Fene, Mugardos, Neda e Valdoviño que contan en conxunto con unha poboación de 42.718 habitantes segundo a última cifra oficial de poboación do INE.

Froito desa negociación aprobouse, en sesión plenaria de data 28.12.2018, o Convenio de Cooperación en materia de emerxencia entre o Concello de Ferrol e o Consorcio para o período comprendido entre o 01.01.2018 ao 31.12.2019. Mantense o obxecto do Convenio e increméntase de maneira progresiva o financiamento do mesmo.

As achegas económicas, que como máximo se comprometen, para cada anualidade, son as seguintes:

Anualidade	Orzamento financiado	Achega	Coeficiente de financiamento (%)
2018	506.995,10 €	362.705,37 €	71,54
2019	506.995,10 €	506.995,10 €	100

O Concello de Ferrol, queda na obriga de:

a) O servizo municipal do Concello de Ferrol dispón actualmente dun cadro de persoal formado por corenta traballadores distribuídos en cinco quendas de traballo, que prestan servizos os 365 días do ano en xornadas de 24 horas, máis outros 10 bombeiros, funcionarios interinos, nos termos do artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, de 12 de abril.

b) Garantir que os medios técnicos empregados nas intervencións sexan os idóneos para as emerxencias a atender no ámbito comarcal e se atopen en condicións para o servizo, cumprindo coas inspeccións periódicas e outras accións de revisión técnica ou normalizada neste tipo de vehículos.

c) Mantemento e reposición dos medios técnicos de dotación persoal e colectiva, necesarios para a prestación coas debidas garantías do servizo.

A achega do Consorcio Provincial será destinada exclusivamente a atender os custos de persoal e de funcionamento reflectidos na cláusula Segunda do Convenio, que suporá a atención específica aos concellos citados.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

IV. RÉXIME XURÍDICO

1 A creación do Consorcio ao abeiro da Lei 5/997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

De xeito introdutorio para este apartado, pode afirmarse que o consorcio, como forma personificada para a prestación de servizos públicos locais, vén estando regulado no Dereito administrativo local polo menos desde a aprobación do Regulamento de servizos públicos locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, unha das disposicións máis antigas do noso ordenamento xurídico-administrativo que aínda hoxe, logo de ter transcorridos case sesenta e catro anos dende a súa aprobación, continua en vigor na meirande parte do seu articulado. Na redacción aprobada naquel entón, os artigos 37 a 40 (agora derrogados pola letra h da disposición derrogatoria única da Lei 40/2015, que máis adiante se comenta), estaba prevista a constitución destes entes entre entidades locais e outras entidades públicas de diferente orde, para crear ou xestionar servizos públicos de carácter local.

Xa en 1985, cando se promulga a vixente Lei 7/85, de Bases de Réxime local, tamén no capítulo adicado á actividades e servizos (capítulo II do Título VI) introducirase un derradeiro artigo para regular os consorcios (agora tamén derrogado pola Lei 40/2015), permitíndose que nos mesmos se integraran entidades privadas sen ánimo de lucro con fins de interese público, permitíndose asi unha colaboración público-privada en ámbitos como o sector cultural ou deportivo, onde a iniciativa privada sempre desenvolveu un papel moi significativo.

Pero, sen dúbida ningunha, foi a Lei de Administración local de Galicia de 1997 (Lei 5/1997, de 20 de xullo), a que veu a darlle un pulo importante á figura do consorcio, poñéndoa ao par das mancomunidades de municipios e das áreas metropolitanas, considerando a estas tres entidades como entidades locais asociativas e, xa que logo, de carácter voluntario, promovéndoas como fórmulas idóneas para a prestación de determinados servizos que, "*sen precisar dun ámbito organizativo superior, exceden da capacidade individual de cada concello*" (así o explica textualmente a Exposición de motivos da referida Lei). Xa dentro do seu articulado, os artigos 149 a 152 veñen a regular o consorcio como co carácter de entidade local de carácter non territorial, na que seguindo a lexislación básica estatal, poden participar tanto outras administracións públicas non locais como entidades privadas sen ánimo de lucro que teñan fins de interese xeral. Este é o punto clave que vén a diferenciar ao consorcio galego das mancomunidades de concellos, xa que nesta segunda figura non se poden integrar nin outras administracións públicas nin moito menos entidades privadas.

Neste marco normativo é no que foi creado o Consorcio de extinción de incendios e salvamento, tal como se indica expresamente no artigo 1º dos seus estatutos. E logo, no artigo 3, remarca o seu carácter independente, así como a voluntariedade na súa constitución, con personalidade xurídica propia distinta dos seus membros.

2 A modificación do réxime xurídico dos Consorcio pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local. O novo réxime xurídico dos Consorcios establecido no capítulo VI do Título II da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico exposto no apartado anterior tivo unha primeira modificación de importante calado, incorporada na Disposición final segunda da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Reforma e sostibilidade da Administración local, incorporando unha nova disposición adicional á Lei 30/92 (a Vixésima), na que obriga á adscribir os consorcios a algunha das administracións públicas integrantes dos mesmos, establecendo os criterios a seguir para proceder á mesma, obrigando asemade que no réxime de control, contabilidade e persoal segan tamén a aquela administración a que queden adscritos. Con tal disposición, co carácter de lexislación básica reguladora do réxime xurídico das administracións públicas, veu a supor unha derrogación tácita do réxime xurídico establecido para os consorcios

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

na lei de Administración local de Galicia, non podendo xa ser considerados como entes locais independentes e autónomos das administracións públicas que os conforman, tal como segue a acontecer coas mancomunidades de municipios.

Seguindo a liña marcada pola Lei 27/2013, a nova Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público, adícalle o capítulo VI do Título III á regulación dos consorcios, manténdose a necesaria adscrición nunha das administracións públicas participantes e regulando máis polo miúdo o réxime de persoal (art. 121), o réxime orzamentario, de control e patrimonial (art. 122), así como as regras para a súa creación, contido de estatutos, separación dalgún membro e disolución.

Xa que logo, no marco deste novo réxime xurídico, o Consorcio provincial deberá aprobar as modificacións estatutarias necesarias para adaptarse ao réxime xurídico que resulta de aplicación.

3 As formas de xestión do servizo no marco xurídico vixente.

Sendo o consorcio un ente adscrito á unha administración local (neste caso, á Deputación Provincial da Coruña), resúltalle de aplicación o disposto na LBRL e normas de desenvolvemento en todo o referido ao réxime xurídico e formas de prestación dos servizos públicos locais. A principal norma neste ámbito é o apartado segundo do artigo 85 LBRL, en canto enumera as formas de xestión directa (xestión pola propia entidade, creación de organismo autónomo, entidade pública empresarial e sociedade mercantil de capital integramente público), remitíndose no tocante á xestión ao xa derrogado Texto refundido da Lei de contratos do Sector público, en canto permitía distintas modalidades no contrato do xestión de servizos públicos. Dito contrato xa non existe como tal na nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector público, regulándose como figura única para a xestión indirecta de servizos públicos o contrato de concesión de servizos.

En calquera caso, no artigo que se está a comentar establécese como frontispicio que na escolla da forma de xestión ha de elixirse aquela que sexa máis sostible e eficiente entre as enumeradas anteriormente. Asemade, para a constitución dunha entidade pública empresarial ou sociedade mercantil precísase dunha memoria xustificativa, cuxa sostibilidade financeira ha de ser valorada polo órgano interventor, tendo en conta as disposicións da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (L.O. 2/2012, do 27 de abril).

No tocante á xestión indirecta, mediante o outorgamento dun contrato de concesión de servizos segundo a regulación contida nos artigos 284 a 297 da xa citada Lei 9/2017, parece claro que non ten posibilidade ningunha para o presente caso do servizo de extinción de incendios e salvamento, ao non existir un risco de demanda relevante que poida ser transferido ao xestor privado, tal como ten establecido o Tribunal central de recursos contractuais cando anulou o prego de cláusulas polo que se pretendían licitar de novo os contratos para a xestión indirecta do servizo.

Agora ben, para delimitar con claridade este asunto, cómpre precisar que sí resulta viable xuridicamente unha xestión directa externalizada, isto é, a contratación de determinados medios persoais, materiais e de funcionamento operativo mediante a modalidade de contrato de servizos. Tal como se ten informado polo Director xeral de emerxencias e protección civil na sesión desta comisión de estudo que tivo lugar o día 20.12.2018 a actual Lei 2/2016 de emerxencias de Galicia non esixe que o persoal bombeiro teña a condición de funcionario público, sendo posible que o persoal contratado por unha entidade mercantil privada poida facer tales cometidos. Xa que logo, poderíase acudir a contratación dos servizos operativos necesarios, con medios persoais e loxísticos, nos termos regulados nos artigos 308 a 313 da Lei 9/2017, tendo en conta as especialidades que regula o artigo 312 no referido aos contratos de servizos que leven consigo prestacións directas a prol da cidadanía.

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

En resumo, no marco xurídico actual, para a xestión do servizo de extinción de incendios, o Pleno do Consorcio non ten máis alternativa que decidir a xestión directa do servizo coa internalización de todos os medios persoais, seguindo para tal finalidade o procedemento que seguidamente se comentará, ou ben manterse nunha xestión directa no tocante á organización do servizo, pero externalizada na xestión dos medios persoais e loxística de funcionamento, trocando os actuais contratos de xestión de servizos públicos por contratos de servizos. Calquera das opcións tería o carácter de xestión directa, xa que non habería ningunha transferencia de risco operacional ou de demanda ao sector privado.

4 A internalización do servizo: procedemento a seguir e calendarización dos acordos a adoitar.

4.1 O dereito de subrogación dos traballadores

Ao abeiro do disposto na segunda sesión de traballo da Comisión de estudo, mediante Resolución da Presidencia núm. 36/2019 do 22.02.2019, formulouse encargo aos profesores Lourdes Mella Méndez, Catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social na Universidade de Santiago de Compostela, e Luis Miguez Macho, Catedrático de Dereito Administrativo na mesma Universidade, de elaboración dun informe sobre se os traballadores das empresas concesionarias, que actualmente prestan o servizo de prevención e extinción de incendios, teñen dereito a ser subrogados, e de ser así, en que condicións. Asemade, no seu caso, deberían sinalar cal sería o procedemento a seguir respecto do persoal subrogado respecto da súa incorporación, respectando os principios de igualdade mérito e capacidade, e facendo unha especial mención respecto das condicións laborais que na actualidade teñen.

Con data 06.03.2019 emítese o mencionado informe cuxo teor literal é o que a continuación se transcribe:

<<[...]

DICTAMEN

ANTECEDENTES

PRIMERO.- El Consorcio Provincial contra Incendios y Salvamento de A Coruña se constituyó por la Xunta de Galicia y la Diputación Provincial de A Coruña mediante la aprobación de sus Estatutos por el Decreto de la Xunta de Galicia 258/2002, del 30 de julio, hallándose adscrito en la actualidad a la Diputación. Su objeto es la prestación, por cualquiera de las modalidades previstas en la legislación aplicable, del servicio contra incendios y salvamento en la provincia de A Coruña.

El funcionamiento efectivo del Consorcio comenzó a finales del año 2002, ocupándose en un primer momento de la dotación de vehículos, equipamiento y mobiliario a diversos parques comarcales de bomberos, para un tiempo después licitar y adjudicar la gestión indirecta del servicio de intervención rápida en emergencias de los citados parques mediante contratos administrativos de gestión de servicios públicos en su modalidad de concesión.

Así, el 31 de marzo de 2004 se adjudicaron los contratos de los parques de Carballo, Arteixo, Boiro, subparque de Ribeira, Arzúa y Ordes, por un plazo de cinco años prorrogable por periodos máximos de tres hasta un límite máximo de quince años, incluido el plazo de vigencia inicial. Por su parte, el contrato del parque de

Este documento está firmado electrónicamente. Se puede validar su integridad en la sede electrónica del Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña https://sede.cciacoruna.com/gl/ mediante el código de verificación (CVD) que se muestra en la banda lateral. Artículo 27 de la Ley 39/2015, de Procedimiento Administrativo Común y artículo 42 de la Ley 40/2015, de Régimen Jurídico del Sector Público

CVD: 9v7fUsCK9EjNB4rmbN3t
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
CIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

Betanzos se adjudicó el 10 de noviembre de 2004 y el de As Pontes el 6 de junio de 2005, con idénticas previsiones en cuanto a duración y prórrogas. Finalmente, el 11 de mayo de 2006 se adjudicó el contrato del parque de Cee y el 18 de junio de 2007 el de Santa Comba, en estos casos con plazos iniciales de duración de tres y dos años, respectivamente.

Mediante sendos acuerdos del pleno del Consorcio de 1 de octubre y 24 de noviembre de 2009 se acordó prorrogar los contratos de los parques de Santa Comba y Betanzos hasta el día 31 de diciembre de 2010. De igual manera, en sesión extraordinaria de 8 de julio de 2010, se adoptó el acuerdo de prorrogar el contrato de los parques de Carballo, Arteixo, Boiro, Ribeira, Arzúa y Ordes, así como los de los parques de Cee y As Pontes, hasta la misma fecha antes indicada.

El acuerdo de 8 de julio de 2010 dispuso también el inicio de la tramitación del expediente de contratación para la nueva adjudicación de la gestión indirecta del servicio y estableció la previsión expresa de que las empresas concesionarias (dos en total) deberían seguir prestando el servicio, aun después de la finalización del plazo de vigencia de los contratos, hasta que diese comienzo de manera efectiva la prestación del mismo por el nuevo concesionario o concesionarios (cláusula que, por lo demás, ya constaba en los pliegos de cláusulas administrativas particulares de los contratos).

Elaborados los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas de los contratos, y debidamente aprobados, se procedió a publicar en el Diario Oficial de Galicia de 5 de diciembre de 2014 y en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña de 11 de diciembre de 2014 los anuncios de licitación del contrato administrativo de gestión de servicio público para la gestión indirecta, mediante concesión administrativa, del servicio de prevención e intervención en emergencias que corresponde al Consorcio Provincial contra Incendios y Salvamento de A Coruña.

Ahora bien, contra los pliegos se presentó recurso especial en materia de contratación, fundado en que los contratos que nos ocupan estarían mal calificados como contratos administrativos de gestión de servicios públicos, por tratarse en realidad de contratos administrativos de servicios. El Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, mediante la resolución núm. 205/2015, de 27 de febrero, estimó el recurso, por entender que, efectivamente, nos hallamos ante contratos de servicios, ya que, de acuerdo con los pliegos, el contratista no asume el riesgo empresarial de explotación del servicio, al recibir una retribución a tanto alzado con independencia de la mayor o menor actividad real que realice. En consecuencia, el Tribunal anuló los pliegos y el anuncio de licitación.

Así las cosas, a la fecha de este Dictamen los concesionarios siguen prestando el servicio, a pesar de haber vencido la última prórroga ordinaria de los contratos, en virtud de la prórroga forzosa extraordinaria prevista en los pliegos y en el acuerdo de 8 de julio de 2010, y el Consorcio ha constituido, por acuerdo plenario de 9 de abril de 2018, una comisión de estudio para analizar las distintas opciones existentes para la gestión del servicio y determinar cuál puede resultar la más eficiente y sostenible.

